


ATENCIÓN TEMPERÁ



MAPA DE NECESIDADES

ASOCIACIÓN GALEGA DE ATENCIÓN TEMPERÁ

SETEMBRO 2015

Asociación Galega de Atención Temprá 2015

<http://www.atenciontemprana.com>

Correo-e: agat@atenciontemprana.com

Teléfono: 698124611

Enderezo:

Carmen 39-2º Esq

15402 Ferrol

O MAPA DE NECESIDADES DE ATENCIÓN TEMPERÁ

O Mapa de servizos de Atención Temperá é unha ferramenta de planificación mediante a cal a Asociación Galega de Atención Temperá desexa contribuír á consolidación e desenvolvemento da REDE GALEGA DE ATENCIÓN TEMPERÁ, creada polo [Decreto 186/2013 da Xunta de Galicia](#)

O Mapa parte de valoración e análise da situación descrita polo [Documento Marco de Atención Temperá en Galicia \(AGAT, 2005\)](#), o [Plan Integral para as Persoas con Discapacidade 2010-2013](#) (PAIPDG), o Decreto 183/2013 antes citado e o [Protocolo de Coordinación](#) que o desenvolve e dos que se recollen os extractos que figuran a continuación.

Definición de Atención Temperá

Segundo o artigo 2 do Decreto 183/2013 *“Enténdese a atención temperá como un conxunto de intervencións dirixidas á poboación infantil de 0 a 6 anos, á súa familia e ao seu contorno, e que ten por obxectivo dar resposta o antes posible ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos e as nenas con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecelos, para facilitar o desenvolvemento da súa autonomía persoal e a inclusión social”*.



Obxectivo da Atención Temperá

Conforme ao mesmo artigo 2: *“Desde os servizos de atención temperá ofrecerase unha intervención biopsicosocial que favoreza a adquisición ou a recuperación de funcións e de habilidades persoais e sociais para a mellora da autonomía, da convivencia social e familiar e da inclusión social”*.

Transcendencia da Atención Temperá

Segundo o PAIPDG 2010-2013 *“trátase dunha intervención fundamental, habida conta da transcendencia, debidamente contrastada na actualidade, que teñen os primeiros anos no desenvolvemento do ser humano. Os nenos e nenas que seguiron programas de Atención Temperá manifestan uns niveis de desenvolvemento máis axeitados, que lles permitiron seguir unha escolarización ordinaria normalizada”*.

“O incremento da mobilidade social das sociedades europeas implica un incremento das oportunidades de mellora do desenvolvemento persoal, pero tamén un aumento e diversificación dos factores que poden inducir á marxinação social. O cambio dos modelos tradicionais de crianza, sumado ás situacións de stres cotiá cada vez máis comúns, afecta a un gran número de familias e cando non existen factores simultáneos de prevención e de protección aumenta a probabilidade de que se xere unha situación de desvantaxe ou de discapacidade que, pasados os anos, pode desembocar en fracaso escolar e/ou marxinação social”.



Eficacia da Atención Temperá

Os estudos lonxitudinais realizados ata a data con seguimentos de grupos control indican que os programas máis efectivos son os que:

- Favorecen interaccións cálidas e receptivas entre as crianzas os seus pais e coidadores
- Sitúanse na proximidade da familia e favorecen a vinculación ao seu contorno natural e a súa comunidade
- Ofrecen contornos seguros e enriquecidos que promoven a iniciativa das crianzas
- Contan con profesionais cualificados, dispoñibles e traballando en equipo
- Permiten unha atención personalizada e adaptada as necesidades de cada crianza.

A Rede Galega de Atención Temperá. Realidade actual

Foi *“a consciencia deste cambio e da urxente necesidade de impulsar liñas de actuación destinadas a unha transformación progresiva do modelo actual, máis hospitalario e centralizado, a un modelo de Atención Temperá que contemple tamén recursos de proximidade”* a que levou á Xunta de Galicia a modificar o Decreto 69/1998 e propoñer un modelo universal, centrado na familia e nos contornos naturais, que preste os servizos dun xeito integrado para poder atender toda a demanda (Decreto 183/2013). De tal xeito **que se recoñece a necesidade de que exista unha rede de servizos sociais comunitarios específicos** que, xunto aos Equipos de Orientación Específicos e as Unidades Hospitalarias de Rehabilitación Infantil e Atención Temperá, permita o desenvolvemento dese novo modelo.


O PAIPDG xa sinala no seu análise que *“Galicia non conta cunha rede consolidada de recursos nesta materia que preste unha atención coordinada e integral. Pola contra, atópanse certas desigualdades na dotación de equipos, ou na súa distribución territorial, e mesmo áreas territoriais sen recursos próximos”* (PAIPDG 2010—2013).

Unha ollada ao número, distribución e composición dos equipos permite apreciar a súa inadecuación e a súa insuficiencia. Os servizos comunitarios específicos de atención temperá, dependentes en grande parte da administración local, non son homoxéneos nin na súa composición nin nas súas tarefas nin no ámbito asistencial, pois nalgúns casos atenden tamén a nenos/as en situación de discapacidade e dependencia de 0 a 16 anos.



Mapa dos servizos sociais comunitarios específicos de Atención Temprá

O Protocolo de Coordinación, Intervención e Derivación, publicado pola Xunta de Galicia en febreiro de 2015, recoñece como servizos comunitarios específicos de Atención Temprá, integrantes da Rede Pública de Atención Temprá os da Mariña Lucense, As Pontes, Noia, Comarca de Bergantiños, Mancomunidade de Ordes, A Pobra, Comarca do Deza, Comarca do Salnés, Pontearreas, Mancomunidade de Carballiño e Mancomunidade de Verín, segundo o mapa e a relación adxunta:



No mapa, a intensidade da cor verde de cada comarca e os números que contén expresan a intensidade da demanda e o número de nenos/ano que debe atenderse nesa comarca para protexer ao 4% da súa poboación infantil máis vulnerable. En verde claro destácanse as áreas de Galicia que xa contan con servizos comunitarios de proximidade.

SERVIZOS COMUNITARIOS ESPECÍFICOS DE AT	RECURSOS
UDIAF BERGANTIÑOS	1 Psicóloga (Coordinadora) 1 Psicomotricista 1 Logopeda (18 h.) 1 Aux. Administrativo (15 h.)
SAT ORDES	1 Psicóloga 1 Psicopedagoga (1/2) 2 Logopedas (1 a ½) 1 T. Social
SAT AS PONTES	2 Pedagogas
SAT NOIA	3 Pedagogas 1 Psicóloga (t.p)
SAT A POBRA	1 Pedagoga 1 Psicóloga 1 Traballadora Social
UDIAF DEZA	1 Psicóloga (Coordinadora) 1 Psicomotricista 1 Logopeda. (25h.)
UDIAF SALNÉS	1 Psicóloga (Coordinadora) 1 Psicomotricista 1 Logopeda. (22 h.)
SAT ASPRODICO	2 Pedagogas 1 Logopeda
SAT A MARIÑA	1 Psicóloga 1 Pedagoga 1 Fisioterapeuta
SAT CARBALLIÑO	1 Psicóloga
SAT VERIN	1 Psicóloga 1 Pedagoga 1 Logopeda

Aínda tendo en conta que as Unidades de Rehabilitación Infantil e Atención Temprá dos Complexos Hospitalarios das grandes cidades galegas (CHUF, CHUAC, CHUS, CHOP, CHUVI, CHOU, H. Lucus Augusti) contan con recursos engadidos adscritos dende 1999 por Benestar e poderían reconverterse e funcionar na práctica como servizos de proximidade para unha parte das áreas metropolitanas das grandes cidades, o certo é que o mapa de servizos de proximidade aínda é moi insuficiente, pouco equitativo e con recursos irregulares.

Galicia precisa un maior esforzo económico e inversor en Atención Temperá

Dende o noso punto de vista, Galicia precisa que a actualización legislativa ou na metodoloxía de intervención, e a vontade da Xunta de Galicia por deseñar un modelo de calidade para a Atención Temperá como o que se expresa na [Axenda 2015-2017](#) recentemente aprobada polo Consello Autonómico, debe concretarse tamén nun compromiso e un esforzo inversor que nos permita cubrir as nosas necesidades e poñernos a altura do resto das Comunidades Autónomas do Estado.

Actualmente o gasto da Xunta en recursos comunitarios para Atención Temperá é o seguinte:

- 455.000 € estimación de gasto do persoal adscrito dende Benestar aos servizos de rehabilitación dos Hospitais, dende 1999 en virtude do antigo decreto 68/1998. Postos de traballo na maioría dos casos con previsión de extinción, corroborada polo recente documento do SERGAS sobre [Proceso Asistencial Integrado da Atención Temperá](#).
- 275.000 € do convenio de Benestar con AGAT para as unidades comarcais do Deza, Salnés e Bergantiños, unidades implementadas no seu día de forma experimental para crear un [modelo de servizos comunitarios específicos de proximidade](#), estudar [unha posible carteira de servizos](#) e a [tipoloxía da demanda](#), así como deseñar unha aplicación informática para soporte asistencial da Rede.
- 312.500 € asignados por Benestar nos Orzamentos de 2015 para contribuír ao financiamento dos servizos comunitarios específicos dos concellos de Burela (A Mariña Lucense), Pontearreas (Comarca de O Condado) Mancomunidade de Carballiño, Mancomunidade de Verín, As Pontes, Noia (Noia, Muros, Porto do Son), Mancomunidade de Ordes, e A Pobra (Barbanza). [No 2015 tan só se executaron 236.015](#) deses 312.500 € para os concellos de Noia, As Pontes, Burela, Carballiño, Pontearreas, Verín e Ordes
- **Total: 1.042.500 €**

O que inverten en Atención Temperá as diferentes Comunidades Autónomas


Unha inversión moi inferior ao do resto das CC.AA, as cales, a partir da publicación do Libro Branco no ano 2000, veñen desenvolvendo estas redes de servizos de proximidade. No cadro que segue, feito a partir de datos publicados polas propias CC.AA, vemos que Galicia ocupa a última posición no ranking de inversión das Comunidades Autónomas do Estado.

CC.AA.	Nº nenos/as 0-4	Gasto anual €	Gasto AT/Neno/a 0-4
ANDALUCÍA	438.958	10.900.000	24,83
ARAGÓN	61.547	3.500.000	56,86
ASTURIAS	37.835	1.500.000	39,64
BALEARES	56.778	2.144.597	37,77
CANARIAS	88.026	s/d	-----
CANTABRIA	26.378	600.000	22,74
CASTILLA Y LEÓN	96.043	s/d	-----
CASTILLA-LA MANCHA	103.861	5.800.000	55,84
CATALUÑA	395.800	38.000.000	96,00
C. VALENCIANA	242.084	5.500.000	22,71
EXTREMADURA	48.440	3.000.000	61,93
GALICIA	106.842	1.042.500	10,24
MADRID	347.750	13.744.161	39,52
MURCIA	85.390	4.586.775	53,71
NAVARRA	33.640	413.466	12,29
PAÍS VASCO	103.729	s/d	-----
RIOJA (LA)	15.896	619.919	38,99
CEUTA	5.995	s/d	-----
MELILLA	7.061	s/d	-----
TOTAL	2.302.053		

Fonte: elaboración propia. Datos de información procedentes das distintas CC.AA no período 2012-2015. Utilízase como base a poboación 0-4 e non a 0-6 por ser 0-4 o dato que ofrece o INE.

Referencias: ver anexo

O que traducido a un Gráfico no que se relaciona a inversión co nº de nenos de 0 a 4 anos que hai en cada CC.AA, segundo o INE, permite ver apreciar o importante diferencial entre Galicia e o resto das CC.AA.



Para salvar a brecha co promedio estatal Galicia tería que dedicar **4.282.227,36 aos Servizos Comunitarios de Proximidade de Atención Temperá**

4.282.227,36 €

1.042.500,00 €

3.239.727,36 €

Esta inversión permitiría a creación de **35 equipos comarcalizados de AT** semellantes as actuais Unidades do Deza, Salnés e Bergantiños, o que facilitaría atención equitativa a toda a poboación infantil de Galicia mediante recursos de proximidade¹.

¹ E facilitaría a creación de 140 postos de traballo.

Non debe esquecerse que segundo os estudos sobre rendibilidade da Atención Temprá estes recursos acadan unha taxa media de recuperación da inversión de 8 x 1. É dicir por cada euro invertido estímase que a administración aforra 8 no medio prazo en servizos especializados para nenos/as con discapacidades, centros de día, educación especial, axudas a dependencia, recuperación de actividade laboral dos proxenitores, ...²

² Heckman J.: (2007): The productivity argument for investing in young children. http://jenni.uchicago.edu/human-inequality/papers/Heckman_final_all_wp_2007-03-22c_isb.pdf <http://ectacenter.org/~pdfs/pubs/econbene.pdf>

Referencias GASTO CC.AA.

Andalucía

1 - xaneiro- 2014 , 10, 9 millóns euros 2013

<http://www.juntadeandalucia.es/salud/sites/csalud/contenidos/Noticias/2014/01/dia29/Noticia24564>

Aragón

2- febreiro 2015, 3,5 millóns euros

<http://www.partidoaragones.es/actualidad/opinion.asp?notid=14954&menu=4>

Asturias

Estimación propia

<https://sede.asturias.es/bopa/2015/05/11/2015-07998.pdf>

Baleares

Orzamentos 2015 – 2, 14 millóns de euros

<http://www.economista.es/interstitial/volver/299338102/espana/noticias/6164637/10/14/Baleares-la-atencion-precoz-a-menores-de-seis-anos-con-discapacidad-se-duplica-desde-2010.html#.Kku8Hq18wqdsjvB>

Canarias

s/d

Cantabria

Estimación

Castela e León

s/d

Castela a Mancha

27-marzo-2015 5,8 millóns de uros

<http://www.clm24.es/articulo/ciudad-real/castilla-mancha-la-junta-asegura-ha-incrementado-25-ciento-inversion-atencion-temprana-ultimos-anos/20150327152239077821.html>

Catalunya

04-abril-2012 38,5 millóns de euros

<http://www.lavanguardia.com/salud/20120404/54281833529/aumenta-10-numero-ninos-necesitan-atencion-precoz-catalunya.html>

Comunidade Valenciana

26-marzo-2012, 6,1 millóns de euros

<http://www.fundacionuniversia.net/actualidad/noticias/detalleNoticias-2354.html>

Madrid

18-06-2014 13,7 millóns de euros

http://www.madrid.org/cs/Satellite?c=CM_Actualidad_FA&cid=1354343034104&language=es&pagename=ComunidadMadrid%2FEstructura

Extremadura

<http://doe.juntaex.es/pdfs/doe/2014/2320o/14050262.pdf>

Murcia

22-febrero-2014 4,58 millóns de euros

<http://www.europapress.es/murcia/noticia-comunidad-destina-11-millones-euros-servicios-atencion->

[temprana-14-municipios-mancomunidad-20140222132947.html](#)

Navarra

18-setembro-2013 1,65 millóns de euros

http://www.navarra.es/home_es/Actualidad/Sala+de+prensa/Noticias/2013/09/18/Contrato+de+Atencion+Temprana.htm

País Vasco

Alava

<http://www.elcorreo.com/alava/araba/201503/31/alava-traslada-servicio-foral-20150330171039.html>

Vizcaya

22-xaneiro-2014 1,3 millóns de euros

<http://www.europapress.es/euskadi/noticia-total-1330-menores-benefician-ayudas-atencion-temprana-bizkaia-aumenta-35-presupuesto-20140122151948.html>

Guipuzcoa

s/d

Rioja

3 xaneiro 2014 0,6 millóns euros ,

<http://www.europapress.es/la-rioja/noticia-servicios-sociales-destinara-ano-600000-euros-servicio-atencion-temprana-menores-anos-20140103125209.html>